



Lei de recuperación da terra agraria

Presentación xeral



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

Por que unha lei da recuperación da terra?



Sector agrario clave en Galicia.



Existe **demanda**.



Máis de 500.000 ha de terra agraria abandonada ou infrautilizada.



Recurso escaso que temos que protexer e xestionar.



Unha xestión adecuada da terra é imprescindible para acadar os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostibles da Axenda 2030, os obxectivos do Pacto Verde da UE.**



Estrutura da propiedade complexa:

11.000.000 de parcelas.

1,6 millóns de titulares individuais.

1,7 ha/propietario de media.

2500 m² de superficie media de parcela.

2,3 millóns de ha de superficie forestal.

621.000 ha de Superficie Agraria Útil (moi lonxe da media nacional e europea).



| A finalidade da nova lei é:

**Garantir a sustentabilidade
do sector agroforestal
de Galicia**

Establecendo o marco xeral para a xestión da terra

Obxectivos



**Manter e incrementar a
actividade e a xestión
agroforestal**



**Recuperar terras
abandonadas**



**Aumentar base
territorial**



**Evitar que pechen
explotacións e o
abandono de terras**



**Recuperación
demográfica**



**Mellorar a calidade
de vida**



**Facilitar o acceso
á terra**



**Contribuír á seguridade
alimentaria**

Posible impacto

	UNIDADE	IMPACTO
TERRAS MOBILIZADAS	Superficie (ha)	512.308
IMPACTO DIRECTO NO SECTOR AGRARIO	Produción (millóns €)	611,3
	VEB (millóns €)	342,7
	Emprego (nº)	9.168
IMPACTO TOTAL NA ECONOMÍA GALEGA (directo máis inducido)	Produción (millóns €)	1.053,5
	VEB (millóns €)	482,9
	Emprego (nº)	15.387

Mapa de axentes



| A Lei

- ✓ É unha lei consensuada.
- ✓ Complementaria coas concentracións parcelarias.
- ✓ Aposta pola convivencia dos subsectores agrícola-gandeiro-forestal.
- ✓ Mantén e reforza mecanismos e ferramentas de leis anteriores e complétaos con mecanismos novos.
- ✓ É unha Lei ambiciosa.

- ✓ Ten 3 principios reitores:



VOLUNTARIEDADE

e consenso dos titulares das terras



RENDIBILIDADE

das actividades económicas previstas



SUSTENTABILIDADE

nos usos e nas técnicas

Un pouco de historia

Lei 1952

Primeira lei de concentración parcelaria en España

Lei 7/2007

de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia

Decreto 19/2011

Aprobación das directrices de ordenación do territorio

Lei 7/2012

de montes de Galicia

Lei 2/2016

do solo de Galicia

Lei 10/1985

de Concentración Parcelaria para Galicia

Lei 6/2011

de mobilidade de terras

Lei 4/2015

de mellora da estrutura territorial de Galicia

Lei 11/2021

de recuperación da terra agraria de Galicia

Que propón a lei para mellorar a situación?



Ordenar e planificar.

Investigación da titularidade das terras.

Catálogo de solos agropecuarios e forestais.

Mapa de usos agroforestais.



Ferramentas de intermediación para recuperar a terra abandonada e previr o abandono.

Impulso ao Banco de terras.

Creación do Banco de explotacións.



Procedementos para mobilizar a terra.

Infrautilización e declaración de abandono.

Permutas de especial interese agrario.



Novos instrumentos para recuperar a terra.

Aldeas modelo.

Polígonos agroforestais.

Agrupacións de xestión conxunta.



Como ordena e planifica?



Investigando a titularidade das terras. Quen é o dono de cada predio?

- ✓ Buscarase en todos os rexistros e coas probas necesarias aos donos dos predios.
- ✓ Seguirase un procedemento transparente con exposicións públicas, publicación no DOG e notificacións.
- ✓ As terras de dono descoñecido pasarán a ser xestionadas polo Banco de terras.
- ✓ As parcelas en investigación estarán identificadas como tal no Sistema de Información de Terras de Galicia.
- ✓ Pasados 10 anos, as parcelas rexistraranse a nome da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- ✓ Actualizarase o predio no catastro e inscribirase no rexistro da propiedade.

INVESTIGACIÓN DA TITULARIDADE



Como ordena e planifica?



Facendo un Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia

- ✓ Clasificando a totalidade dos terreos en agropecuarios ou forestais.
- ✓ Análise de factores que condicionan a aptitude da terra para cada uso agroforestal.
- ✓ Usos permitidos, prohibidos e autorizables.
- ✓ Delimitación de solos de alta produtividade agropecuaria e forestal.
- ✓ Catálogos parciais.
- ✓ Prevalece sobre o planeamento urbanístico en solo rústico.

Cales son as ferramentas de intermediación para recuperar a terra e previr o abandono?



O impulso e reforzo do Banco de terras

- ✓ O Banco de terras fomentará o acceso á terra a aquelas persoas que desexen dedicarse á actividade agroforestal.
- Potenciación como instrumento de intermediación na recuperación de terras.
- Instrumento de intermediación.
- Axilización dos trámites.



A creación do Banco de explotacións

- ✓ Contacto entre titulares de explotacións que abandonan a actividade e persoas interesadas en incorporarse a elas.
- ✓ Garantir a continuidade das explotacións.
- ✓ Listado actualizado das explotacións susceptibles de mediación.

Cales son os procedementos para mobilizar a terra?



Procedemento de declaración de abandono ou infrautilización:

- ✓ **Obxectivo:**
 - a) Garantir a función social da propiedade.
 - b) Reducir o risco de lumes, pragas, etc.
- ✓ **Afecta a terras nas que non se realiza ningún tipo de actividade agrícola, gandeira ou forestal, ou cun uso diferente do identificado no Catálogo de solos agropecuarios e forestais.**
- ✓ **O titular do terreo ten tres opcións:**
 - a) Recuperar o terreo e poñelo en condicións de produción.
 - b) Ceder a un terceiro o seu uso e aproveitamento.
 - c) Incorporar o predio ao Banco de terras.
- ✓ **De non aceptar: resolución de declaración de abandono.**

DECLARACIÓN DE ABANDONO OU INFRAUTILIZACIÓN

1

INICIACIÓN



ACORDO DE INICIO XEFATURA TERRITORIAL

- Iniciativa propia
- Denuncia ou comunicación



PUBLICACIÓN

DOG

- Identificación do predio



NOTIFICACIÓN

- Deben comparecer os propietarios e posuidores

De non identificarse o propietario, iniciárase un procedemento de investigación



ALEGACIÓNS

- 15 días

2

INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN



INFORME XEFATURA

- Resultado auditoría
- Requisitos incorporación
- Determinación da proba



PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

NOTIFICACIÓN

- A** • Compromiso de posta en produción
- B** • Cesión a terceiro e compromiso do cesionario
- C** • Incorporación ao Banco de terras



RESOLUCIÓN

DIRECCIÓN AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

A **B** **C**

D

- Declaración de abandono ou infrautilización

Que procedementos para mobilizar a terra van ser aplicados?



As permutas (intercambios) de especial interese agrario cando:

- ✓ Contribúan á adecuación dos usos do solo ás previsións do Catálogo.
 - ✓ Se trate de predios incluídos en procedementos de reestruturación parcelaria pública.
 - ✓ Se empreguen como instrumentos en polígonos, aldeas modelo ou actuacións de xestión conxunta.
 - ✓ Se eliminen servidumes de paso.
 - ✓ Intervenían parcelas da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
 - ✓ Eliminación de parcelas encravadas.
- ✓ Como se fomentan esas permutas?
 - Limpeza.
 - Asesoramento técnico e mediación.
 - Actualización de reemprazo no Catastro.
 - Parcelas de maior tamaño.
 - Axuda para inmatriculación rexistral.
 - Non necesidade de licenza de segregación.

Que novos instrumentos para recuperar a terra se van empregar?



ALDEAS MODELO



POLÍGONOS
AGROFORESTAIS



ACTUACIÓNS DE
XESTIÓN
CONXUNTA

18 LEI DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA

**ALDEAS
MODELO**

Para recuperar de xeito sustentable terra abandonada de alta capacidade produtiva arredor dos núcleos de poboación creando actividade agrogandeira e permitindo a súa recuperación demográfica, a mellora da calidade de vida da súa poboación e contribuíndo a previr incendios.

- ✓ As terras son arrendadas aos propietarios. Banco de terras.
- ✓ Limpeza e recuperación.
- ✓ Plan de dinamización do núcleo rural.
- ✓ Mantemento, conservación e recuperación das infraestruturas agrarias.
- ✓ Rede de aldeas modelo de Galicia.

Os propietarios conservan a titularidade, reciben unha renda e non se tocan os marcos nin os peches perimetrais.

PROCEDIMIENTO APROBACIÓN DE ALDEAS MODELO






ALDEAS MODELO

Plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo

Os concellos co apoio da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderán formular Plans de dinamización para o núcleo rural das aldeas modelo.

- ✓ Actuacións a nivel arquitectónico e tecnolóxico.
- ✓ Outras a nivel económico, ambiental e social.
- ✓ Coordinación de actuacións públicas e privadas.
- ✓ Recuperación da actividade económica.
- ✓ Innovación tecnolóxica.
- ✓ Mellora das condicións de vida dos residentes.

21 LEI DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA



POLÍGONOS AGROFORESTAIS

Para a volta á produción de grandes áreas de terra con boa capacidade produtiva abandonada ou infrautilizadas.

Para a mellora da estrutura territorial

Para iniciativas formativas ou produtivas de carácter social.

- ✓ Tres tipos diferentes.
 - *De iniciativa pública.*
 - *Polígonos cortalume (un tipo específico de polígonos agroforestais de iniciativa pública)*
 - *De iniciativa privada.*
- ✓ Acordo de propietarios do 70% da superficie do perímetro do polígono (agás en polígonos cortalume).
- ✓ Estado de abandono ou infrautilización dun mínimo do 50% da superficie do polígono (agás en polígonos cortalume).
- ✓ Control do acaparamento de terras.
- ✓ Área única ou lotes.
- ✓ Posibilidade de reestruturación parcelaria.



POLÍGONOS AGROFORESTAIS

Cal é o procedemento para os polígonos agroforestais?

INICIATIVA PÚBLICA	INICIATIVA PRIVADA
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural responsable do procedemento: ✓ Estudo de viabilidade. ✓ Tramitación ambiental. ✓ Redacción e aprobación do proxecto básico. ✓ Convocatoria de concorrencia competitiva e adxudicación. Os axudicatarios: ✓ Redacción do proxecto técnico de execución de obras.	O Axente promotor: ✓ Solicitud do polígono. ✓ Redacción do proxecto. Axencia Galega de Desenvolvemento Rural: ✓ Informe de viabilidade. ✓ Tramitación ambiental. ✓ Solicitud de informes sectoriais. ✓ Revisión do proxecto. ✓ Investigación da titularidade. ✓ Aprobación.
CONCORRENCIA PÚBLICA	XESTIÓN DIRECTA

Procedementos que garanten a transparencia e publicidade.



POLÍGONOS AGROFORESTAIS

E ademais...

INICIATIVA PÚBLICA	POLÍGONOS CORTALUME
Desenvolveranse prioritariamente en: ✓ Zonas de concentración parcelaria rematadas cun abandono superior ao 50%. ✓ Áreas cortalume. ✓ Cando exista o acordo do 70% da superficie incluída desde o principio. E en: ✓ Zonas de elevada aptitude agropecuaria en situación de especial abandono (segundo o Catálogo). ✓ Ampliación de base territorial de explotacións existentes. ✓ Terras acaídas para producións acollidas a indicacións xeográficas, denominacións de orixe protexidas ou marcas de garantía de calidade.	O caso particular dos polígonos cortalume: ✓ Buscan minimizar a propagación e efectos dos lumes. ✓ Posta en valor, promovendo a actividade agroforestal. ✓ Iniciativa pública. ✓ Non é necesario acadar o 50% de superficie en estado de abandono ou infrautilización. ✓ Non é necesario acadar o acordo dos propietarios do 70% da superficie.

PROCEDIMIENTO | INICIATIVA PÚBLICA



PROCEDIMIENTO | INICIATIVA PRIVADA





AGRUPACIÓNS DE XESTIÓN CONXUNTA

Xestión conxunta e sustentable dos terreos agroforestais co fin de:

- ✓ Recuperación e posta en valor.
- ✓ Impedir abandono.
- ✓ Protección do medio ambiente.
- ✓ Prevención e defensa contra os lumes.
- ✓ Protección fronte a catástrofes e loita contra o cambio climático.
- ✓ Creación de emprego.
- ✓ Colaboración no aumento da calidade de vida e expectativas de desenvolvemento da poboación rural.

Non se reorganiza a propiedade:

- ✓ As de carácter forestal ➔ Lei 7/2012 de montes de Galicia.
- ✓ As agrupacións agrogandeiras ➔ Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.
- ✓ Calquera forma xurídica.
- ✓ Inscripción no rexistro de agrupacións.
- ✓ Dereitos de uso de máis do 70% da superficie da inicitiva.

Medidas de fomento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



Traballos de mellora de predios



Liñas de axuda específicas



Apoio técnico e financeiro



Facilitar operacións financeiras



Subvencións



Convenios con outras institucións ou administracións



Incentivos



Medidas fiscais

Rebaixas nos tributos autonómicos

Intermediación para rebaixas nos tributos estatais

Inspeccións, infraccións e sancións

- ✓ A Lei prevé inspeccións en predios
- ✓ Realizadas por persoal funcionario con competencias na materia ou por outros suxeitos.
- ✓ Infraccións:
 - Leves
 - Graves
 - Moi graves
- ✓ Sancións entre 600€ para as leves ata 6.000€ para as moi graves.

